

## **PREGO DE CONDICIÓN E PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES PARA A SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E POSTA EN MARCHA DUNHA LAVADORA CON BARREIRA SANITARIA PARA O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (SEIS).**

### **OBXECTO DO PREGO.**

Co fin de desinfectar e hixienizar os traxes de intervención e o diferente vestiario do persoal de bombeiros, evitando así a transmisión de posibles riscos canceríxenos, planifícase a compra dunha lavadora con barreira sanitaria.

O presente prego ten por obxecto regular e definir as obrigacións, condicións, actividades específicas que rexerán a contratación, subministración, recepción, posta en funcionamento dunha lavadora con barreira sanitaria para o Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Santiago de Compostela (SEIS), así como a posta en funcionamento da programación de cada un dos procesos de lavado (xa definidos ou que se definan), debidamente conexionados e en funcionamento cós equipos dosificadores de deterxentes. A prestación do servizo de subministración da lavadora realízase na lavandería do Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela.

### **PRAZO DE EXECUCIÓN. DURACIÓN DO CONTRATO.**

O adxudicatario comprométese a instalar en perfecto estado de uso a lavadora e a impartir a formación inicial, que deberá finalizarse segundo as condicións establecidas no prego técnico. En calquera caso, as ditas actividades e servizos a prestar polo adxudicatario deben rematar no prazo de 30 días, a contar dende a data de sinatura do contrato.

### **PRAZO DE GARANTÍA.**

Establecerase un prazo de garantía que será de CINCO ANOS, a contar desde a data de recepción da conformidade da subministración. Se durante o mesmo se acreditase a existencia de vicios ou defectos na subministración, a administración terá dereito a reclamar a reposición dos que resulten inadecuados ou á reparación dos mesmos se fose preciso.

Se a Administración estimase, durante o prazo de garantía, que os bens non son aptos para o fin pretendido (como consecuencia dos vicios ou defectos observados e imputables ao empresario) e exista a presunción de que a reposición ou reparación dos devanditos bens non serán suficientes para lograr aquel fin; esta poderá, antes de expirar o devandito prazo, rexeitar os bens deixándoos pola conta do contratista e quedando exento da obrigación de pago ou tendo dereito, non seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

Logo de rematar o prazo de garantía sen que a administración formalice algúns dos reparos ou a denuncia á que se refiren os apartados anteriores, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón dos bens fornecidos.

### **CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS.**

A citada lavadora contará cunha capacidade de carga de 35 Kg de roupa seca. Relación 1:10. Preparada para barreira sanitaria. Quecemento por sistema eléctrico. Potencia 27 Kw. Factor de centrifugado 350G. Terá unha pantalla grande cunha boa nitidez. Así mesmo terá interface sinxela e intuitiva mediante símbolos que proporcionen a información.

Terá 2 botóns programables de inicio rápido e o control mediante un único mando, con avance/pausa en calquera fase de programa, inicio inmediato ou diferido. Diferentes paquetes de programa optimizados: Prioridade economía, Prioridade calidade, Prioridade tempo.

Contará cun sistema automático de monitorización do ciclo de lavado para garantir a desinfección e hixienización das pezas.

Asemade, contará con dúas portas externas, reversibles, con bisagras verticais de abertura de 175°, accionamento mediante panca. O tambor será de posicionamento automático con bloqueo de operación, ampla abertura de acceso. Terá que ser compatible con até 13 marcas de deterxente. Será de aceiro inoxidable en cuba e tambor. Terá dous latiguillos de entrada de auga e alarma de fin de ciclo. Tomas de auga, eléctrica, subministracións e control de produtos químicos pola parte superior. Conexión eléctrica: 400V 3AC 50 Hz.

### **SISTEMA DE DOSIFICACIÓN.**

Formado por 4 bombas peristálticas. Caudal 300 ml/min-bomba, activación mediante relés, dosificación até 3 produtos simultáneos, reinicio automático en fallo de corrente, sistema de arrastre mediante colector, 4 canas de aspiración.

### **CERTIFICACIÓNS.**

Cumprirá coas normas ISO 9001 e ISO 14001. Certificado CB para a Directiva de Baixa Tensión e a marca S de seguridade, de conformidade coa Directiva de maquina. Grao de protección IP X4D.

### **DIMENSIÓNS.**

Debido ás dimensións axustadas da lavandaría do Parque de bombeiros as dimensións da lavadora poderán estar entre estes mínimos e máximos:

<b>ANCHO</b>	>1200mm	<1300 mm
<b>PROFUNDO</b>	>1000mm	<1100mm
<b>ALTO</b>	>1600mm	<1700mm
<b>ALTO MÁXIMO CON PORTA ABERTA</b>	>1600mm	<1700mm

## CONDICIÓN XERAIS.

Os medios materiais e humanos utilizados no desenvolvemento do contrato serán propios do adxudicatario. A unidade que se ofertará polos licitadores e que se lle subministrará ao Concello polo adxudicatario deberá ser nova e de recente fabricación, e cumprirá coas características técnicas establecidas como condicións obrigatorias.

A unidade que se subministre ao Concello incorporará un sistema de identificación que permita realizar un seguimento e control da súa trazabilidade ao longo da súa vida útil (a etiqueta RFID ou número de referencia).

A unidade, deberá entregarse xunto cos correspondentes exemplares de documentos/folletos informativos de uso e de mantemento da maquina (redactados polos seu fabricante) en idioma galego e/ou castelán.

### **- Transporte, embalaxe e entrega:**

A unidade que o adxudicatario subministre transportarase e entregarse debidamente embalada no Parque de Bombeiros do Concello de Santiago de Compostela, de tal xeito que se protexa e que non sufra deterioro durante o período de almacenamento e transporte. Rexeitarase a unidade que teña calquera tipo de desperfecto, unha vez que se retire a embalaxe.

Toda a documentación que presente o adxudicatario estará cando menos en idioma castelán, ou ben será documentación do idioma orixinal do país do seu fabricante acompañada coa versión ou tradución íntegra dos textos e documentos orixinais ao idioma castelán.

### **-Formación:**

O adxudicatario impartirá cinco xornadas de formación de 1 hora de duración como mínimo cada unha, destinada a todos os usuarios, nas que se desenvolverán os aspectos técnicos novidosos do equipo, así como todo o relacionado co uso e mantemento da peza.

O adxudicatario impartirá a formación en 5 días de forma consecutiva de luns a venres, en horario de mañá, nas instalacións do Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela. Esta formación realizarase inmediatamente despois da entrega e a posta en funcionamento da lavadora.

O adxudicatario facilitará copia a todo o persoal dos folletos informativos e da documentación da lavadora e demais documentación de instrucións de uso. Acusarase o recibo da entrega desta documentación.

O adxudicatario entregará 3 memorias flash USB con copias en formato informático gravadas, á xefatura do SEIS, da totalidade de información e da documentación sobre uso da lavadora que lles foi facilitada en papel aos traballadores usuarios por parte do adxudicatario.

De modo complementario, o adxudicatario formará, cando menos, a unha persoa, designada pola xefatura do Servizo, de modo que poida impartir a mencionada formación aos usuarios que, de forma extraordinaria, non lles quede claro o procedemento anteriormente descrito.

Esta formación deberá impartila persoal profesional cualificado na utilización da lavadora. Esta capacitación técnica dos docentes/formadores deberá vir avalada por certificación dos fabricantes, segundo as súas propias normas/procedementos.

Toda a formación que se imparta por parte do adxudicatario ao persoal do Concello deberá quedar debidamente rexistrada e certificada polo adxudicatario. O Concello de Santiago de Compostela determinará as pautas que deberá seguir o adxudicatario para o control, o rexistro e a certificación de dita formación.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2019

Oficial-xefe do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento

Manuel Sanmartín Chao